

XUNTANZA DIRECCIÓN XERAL DEFENSA DO MONTE

O día 5 de outubro as Organizacións Sindicais máis representativas no ámbito do SPIF vimos de manter unha xuntanza coa DXDM onde se trataron os seguintes puntos:

- **Compensación Extraordinaria dos excesos de xornada no período do 14 de xullo ao 31 de agosto:** Dende a DXDM nos informan que antes de finais de ano procederán a compensar, de xeito extraordinario, ás prolongacións de xornada realizadas por todo o colectivo no período de referencia. A fórmula elixida será a compensación do **50% das horas de prolongación de xeito económico có valor de horas extras (valor da hora ordinaria multiplicado por 1,75 ou 2,25 se foron realizadas en domingo ou festivo) e o 50% restante en tempo de descanso coa aplicación dos mesmos multiplicadores**. Para estas compensacións non se terán en conta as “H” das carteleiras e serán as realizadas por encima das 8 horas de traballo no caso do persoal laboral (**no caso de ter acordado un horario distinto, teranse unicamente en conta as que superen a xornada diaria pactada**), das 12 no caso de Axentes Forestais e das 24 horas de garda en canto ao persoal técnico. Durante os próximos días remitirán un resumo das horas realizadas así como o valor económico das horas por categorías profesionais.
- **Período de traballo persoal fixo discontinuo 9 meses:** Informan que a data de cese de actividade do persoal de 9 meses será o **30 de novembro**. Neste caso, xustifican a medida en que a previsión, a principios de ano, era que o persoal fixo discontinuo de 9 meses non suspendería a súa actividade no 2022 por mor do paso de ditas prazas a 12 meses e, polo tanto, estaría en activo no mes de novembro.. O retraso no proceso de funcionarización e o adianto na súa incorporación a principios do presente ano provocaría o seu cese de actividade a finais de outubro, e a DXDM considera necesaria a súa actividade durante o mes de novembro. Desde as Organizacións Sindicais **solicitamos que a todos os fixos discontinuos se lle debería prorrogar os seus contratos, non so aos de 9 senón tamén aos de 6 meses, manifestando a nosa disconformidade co feito de non prorrogar os contratos do persoal de 6 meses.**
- **Constitución mesa de traballo Dirección Xeral Defensa do Monte – Organizacións Sindicais:** Acordamos a constitución dunha mesa de traballo de cara a avanzar en cuestións de importancia para o colectivo como por exemplo a **modificación de quendas horarias** distintas ás establecidas no Convenio Colectivo Único (traballo en días alternos). Neste senso quedamos emprazados xa para os días 18 e 25 de outubro.
- **Outras cuestións:**
 - Solicitamos a retirada dos **chamamentos de prazas vacantes** en base ao acordo establecido entre as organizacións sindicais e a Consellería de ofertar as vacantes ao persoal propio en **adscripción temporal/superior categoría. Confirmannos a anulación de ditos chamamentos.**
 - Solicitamos a intercesión da Dirección Xeral ante Función Pública para que se **axilizasen os procesos selectivos pendentes.**
 - Solicitamos a **unificación de criterios nas carteleiras de traballo** das 4 provincias, entre outras cuestións a inclusión de 2 Libres Festivos a maiores dos 14 establecidos.
 - Solicitamos a **inclusión das 548 prazas de bombeiro forestal de 6 meses nos procesos de estabilización** derivados da Lei 20/21.